



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Chan de Paralaia, Esculca, Pereira e Monte da Serra

COMUNIDAD PROPIETARIA

ERMELO

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Ermelo

BUEU

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCALIS

D. Luis M^º Muíños Videira.
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).
Dña. Isabel Catoira Lamela.
(Avogado polo Colexio da provincia).
D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

VOCALIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE HERMELO DO CONCELLO DE BUEU.

D. Manuel Portela González.
D. Manuel Estévez Portela.

SECRETARIA

D^ª. M^ª José León Gómez.
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día catro de abril do 2001, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Pereira e outros" do lugar de Hermelo do concello de Bueu.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Presidente da Comisión Xestora para a clasificación dos montes veciñais en man común do lugar de Hermelo do concello de Bueu, solicitouse en data 30/04/96, a clasificación como veciñais en man común dos montes Pereira e outros do lugar de Hermelo do concello de Bueu.

Posteriormente mediante escrito con rexistro de entrada en data 08/10/97 renunciar á clasificación de varios montes inicialmente solicitados, quedando limitada a petición de clasificación ós montes Paralaia, Esculca, Pereira, da Serra e Pouso das Cruces.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 03/11/97 acordou iniciar os trámites para a clasificación dos referidos montes,

asi como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da entón Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra para o seu estudo e informe, nomeándose Instructor do expediente a D. Serafín Quinteiro Blanco.

TERCEIRO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, procedeuse á apertura do trámite de audiencia presentándose alegacións por parte dos instantes da clasificación, concello de Bueu, Organización Galega de CMVMC, Mancomunidade de Xuntas de MVMC do Morrazo e Dña. Carmen Estévez Portela, e formulándose oposición á clasificación solicitada por parte do concello de Bueu.

CUARTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 29/11/00, e como consecuencia do cese a petición propia de D. Serafín Quinteiro Blanco, noméase Instructor do expediente a Dña. Isabel Catoira Lamela.

QUINTO.- Pola Instructora do expediente sinálase en primeiro lugar que é preciso reducir a cabida solicitada en catro dos montes dos que se interesa a súa clasificación respecto á que se propón por exceder á primeira do correspondente término municipal. A continuación expón que os montes obxecto do presente expediente obedecen á seguinte descrición:

NOME DO MONTE: Chan de Paralaia.

CABIDA: 8,6 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de José Freire e Manuel Ave Lobeira.

SUR: Propiedades particulares de Camilo Ave, Marcial Diz Franco e Benito Ave Cerviño.

LESTE: Limite do concello de Moaña.

OESTE: Pista forestal e propiedades particulares de Manuel Paredes Cruz, irmáns de Ricardo Soage, Salvador Pena Santos, Tomás García Parada, Manuel Díaz Amoedo, Salvador Souto, José Freire e Benito Carrera. É camiño vecinal.

Propónse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 26 de outubro, de Montes Veciñais en man común.

NOME DO MONTE: Esculca.

CABIDA: 2 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Benigno Santos, Rita Vilas Santos, Peregrina Campelo e Carmen Carballo Agulla.

SUR: Propiedade particular de Manuel Paredes Cruz.

LESTE: Camiño vecinal e propiedades particulares de Peregrina Santos Juncal, Manuel Cruz Portela e Isolina Cruz Portela.

OESTE: Propiedades particulares de Adolfo Piñeiro Martínez, José Otero, Juan Barreiro, Antonio Estévez e Servando Miranda.

Propónse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do de outubro, de Montes Veciñais en man común.

NOME DO MONTE: Monte Pereira.

CABIDA: 0,5 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Benito Otero Miranda, Irmáns de José Loira Fazanes, Dolores Santos e Rita Vila Santos.

SUR: Propiedades particulares de Guillermo Juncal Corredoira, Manuel Pousada Currás e Amelia Fazanes Juncal.

LESTE: Propiedades particulares de Celestino Gallego Paz, Benito Santos, José Costas Riobó e Tomás García Parada.

OESTE: Camiño vecinal e propiedades particulares de Amelia Fazanes Juncal.

Propónse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do de outubro, de Montes Veciñais en man común.

NOME DO MONTE: Monte da Serra.

CABIDA: 1,2 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Propiedades particulares de Manuel Paredes Criz e José Otero.

SUR: Límite do concello de Cangas.

LESTE: Propiedades particulares de Manuel Paredes Cruz, José Germade e Antonio Antepazo Jaldá.

OESTE: Camiño vecinal e propiedades particulares de Antonio Portela Lorenzo, Manuel Paredes Cruz e Manuel Cruz Portela.

Propónse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do de outubro, de Montes Veciñais en man común.

NOME DO MONTE: Pouso das Cruces.

CABIDA: 0,5 Has. aproximadamente.

LINDES:

NORTE: Camiño vecinal e propiedades particulares.

SUR: Propiedades particulares.

LESTE: Límite do concello de Moaña.

OESTE: Propiedades particulares.

Propónse a non clasificación por non quedar demostrado o aproveitamento veciñal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- De conformidade co recollido no artigo 1 da citada Lei 13/1989, do 10 de outubro, o feito que xustifica ou exclúe a clasificación como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse demostrado ou non o aproveitamento vecinal de feito de dito monte, reservándose á xurisdicción civil ordinaria os temas de dominio e demais dereitos reais sobre o monte.

3.- Segundo testemuños e informes obrantes no expediente, resulta que os montes Chan de Paralaia, Esculca, Pereira e Monte da Serra son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos vecinos do lugar de Hermelo do concello de Bueu, non ocorrendo o mesmo có monte denominado Pouso das Cruces no que non resulta acreditado o citado aproveitamento vecinal.

4.- De acordo co establecido no artigo 12 da Lei 55/80, de montes veciñais en man común, e no artigo 27 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, non será obstáculo á clasificación dun monte como vecinal en man común o feito de estar incluído nalgún catálogo, inventario ou rexistro público con asignación de diferente titularidade, salvo que os asentos se practiquen virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo; e máis tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen aproveitándose consuetudinariamente polos membros da comunidade na súa cualidade de veciñais, excepto no caso xa sinalado do monte Pouso das Cruces.

5.- En consideración ó exposto, e de conformidade co sinalado no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

En consecuencia, vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

1º.- Clasificar como veciñal en man común a favor dos vecinos do lugar de Hermelo do concello de Bueu os montes "Chan de Paralaia", "Esculca", "Pereira" e "Monte da Serra" por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondendose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descrición sinalada no antecedente de feito quinto.

2º.- Non clasificar como veciñal en man común o monte "Pouso das Cruces" por non quedar demostrado o aproveitamento veciñal.

Por parte dos vocais representantes do lugar de Hermelo do concello de Bueu manifestase a súa disconformidade no que afecta á non clasificación do monte "Pouso das Cruces" e no que refire á cabida clasificada no monte "Pereira".

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

The bottom of the page contains several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a large, loopy signature. In the center, there is a circular stamp with the text '15 de Maio' and a signature over it. To the right, there are two more signatures, one of which is a large, stylized 'X' or 'A' shape.

